

MÁSTER OFICIAL EN FILOSOFÍA. COÑECEMENTO E
CIDADANÍA.
GUÍA DOCENTE | 2025 – 26.

CIDADANÍA, XUSTIZA E DEMOCRACIA.

1. INFORMACIÓN BÁSICA.

DESCRIPCIÓN.

A materia ten o código P5251101. É unha obrigatoria de formación básica do Máster Oficial en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía, impartida durante o primeiro semestre. É de tres créditos ECTS, (detallados segundo Plan Docente Anual en 21 horas de clases; expositivas 9 horas; interactivas 12 horas; 3 horas de titorías de grupo; 52 horas de traballo persoal do alumnado, incluídas lecturas, estudo e realización de tarefas), dependente do Departamento de Filosofía e Antropoloxía (Área de Filosofía Moral).

PRE-REQUISITOS.

Aínda que non require necesariamente dispor de formación previa, son básicos os coñecementos impartidos nas materias de Introducción á Filosofía Política, Filosofía Política I e Filosofía Política II do Grao de Filosofía.

IMPARTICIÓN.

Será impartida en lingua galega. De ter estudantes que por provir de fóra do territorio galego teñan dificultades co idioma, recibirán todas as explicacións a maiores para unha comprensión adecuada de los contidos durante o horario de titorías.

2. SITUACIÓN DA MATERIA NA TITULACIÓN.

BLOQUE FORMATIVO NO QUE SE INTEGRA A MATERIA.

É unha das seis materias obrigatorias de formación básica do Máster Oficial en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía. É impartida pola área de Filosofía Moral, xunto con dúas materias obrigatorias do itinerario de Cidadanía e Globalización (Éticas Aplicadas, Xénero e Teorías Feministas) e unha materia optativa (Bioética Actual).

PAPEL DA MATERIA DENTRO DO BLOQUE.

Cidadanía, xustiza e democracia desenvolve algunhas das cuestións e reflexións propias do campo da Filosofía Política, de maior interese e importancia en relación coa reflexión filosófica sobre a organización e o funcionamento da sociedade, na súa dimensión teórica e práctica, co estudio e exame crítico das diferentes concepcións teórico-prácticas da política.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA.

Os obxectivos da materia consisten en:

- Achegar os conceptos e categorías teóricas coas que se artellan as distintas visións as distintas visións sobre cidadanía, xustiza e democracia.
- Afondar nas características e dimensións dos debates sobre cidadanía, xustiza e democracia.
- Coñecer e resaltar o papel dos Dereitos Humanos na Filosofía Política a desenvolver no Século XXI.

E na adquisición e/ou práctica das seguintes competencias:

COMPETENCIAS BÁSICAS Y XERAIS.

CX2. Que as e os estudantes saiban aplicar os coñecementos que adquiran para identificar, formular e resolver problemas do noso tempo.

CX1. Que as e os estudantes adquiran capacidades e coñecementos para a análise crítica en relación a aportacións investigadoras.

CX3. Que as e os estudantes sexan capaces de transmitir coñecementos, ideas orixinais e solucións propostas.

CX4. Que as e os estudantes estean capacitados para unha dinámica de reflexión con actitude proactiva e creativa na búsqueda de solucións.

CX5. Que as e os estudantes teñan habilidades para recoñecer, nos diversos saberes e na práctica social, cuestión e susceptibles de ser abordados e resoltos.

CB6. Posuir e comprender coñecementos que aporten unha base u oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.

CB7. Que as e os estudantes sepan aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.

CB8. Que as e os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrentarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclua reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.

CB9. Que as e os estudantes sepan comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.

CB10. Que as e os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.

Os obxectivos e estas competencias conséguense co conxunto de actividades previstas para o seguimento da materia.

Os obxectivos e competencias avalíanse a través do traballo escrito final, así como mediante as presentacións temáticas, resumos e comentarios previstos para a avaliación continua, ou no seu caso, para quen deba facer o exame final (nalgúna das oportunidades).

COMPETENCIAS DE TIPO ESPECÍFICO.

CE1. Coñecer e comprender formulacións filosóficas relacionadas cos ámbitos temáticos do máster.

CE2. Desenvolver destrezas que permitan trasladar os coñecementos adquiridos ao ámbito da investigación.

CE3. Adquirir habilidades para a transmisión e ensinanza de contidos filosóficos relacionados cos ámbitos temáticos do máster.

CE4. Saber aplicar os coñecementos adquiridos na resolución de novos problemas.

CE5. Ser capaz de: analizar e sintetizar, argumentar lóxicamente, formular xuízos, e deliberar consonte a criterios éticos.

CE6. Saber expresarse oralmente e por escrito, comunicar, debater e deliberar.

Sesións de seminario interactivo, tutorías individuais e de grupo, a preparación do traballo final escrito (e no seu caso o exame final) teñen que ser elementos a través dos cales o alumnado contribúa a mostrar a adquisición das anteriores competencias específicas.

Avaliáranse mediante traballo escrito final ou exame final.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS.

CT1. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación.

CT2. Manexar e analizar críticamente fontes de documentación científica, bibliográfica e dixital.

CT3. Valorar de forma crítica a información para a resolución de problemas.

CT4. Promover o respecto aos dereitos humanos e á diversidade cultural e das persoas, así como desenvolver valores contra as desigualdades de xénero.

Estas competencias conséguense e avalíanse no conxunto de actividades previstas para o seguimento de la materia.

4. CONTIDOS.

PLAN XERAL.

Esta materia busca proporcionar un marco teórico xeral da maneira en que se inscribe a reflexión filosófico-política sobre a cidadanía, a xustiza e a democracia antes os desafíos do mundo contemporáneo. Da conta tamén de textos clásicos e da investigación máis actual.

1. Introducción: A cidadanía na teoría e na práctica das sociedades actuais.

2. O concepto de cidadanía: Trazos e dimensións.

2.1. Dereitos, pertenza e participación.

2.2. Os enfoques comprensivo e normativo: que é e como debe ser un cidadán.

3. Cidadanía, liberalismo e democracia.

4. Cidadanía e Xustiza.

- 4.1. A cidadanía social.
- 4.2. Cidadanía, Xustiza e democracia.
- 5. Teorías da Xustiza social e política.
 - 5.1. Dereitos, bens, recursos, capacidades.
 - 5.2. Homoxeneidade cívica e diferenza. As demandas de recoñecemento de identidades diversas. Recoñecemento/redistribución. O debate do multiculturalismo.
- 6. Cidadanía, xustiza e democracia: inclusión/ exclusión.
 - 6.1. A cidadanía como estatus limitado: inclusión e exclusión cívica.
 - 6.2. Modelos de democracia.
 - 6.3. Xustiza global e Dereitos Humanos.
 - 6.4. Cosmopolitismo e cidadanía múltiple.

5. METODOLOXÍA DA DOCENCIA.

Nas aulas impartidas pódese distinguir os seguintes tipos:

- (1) Aulas expositivas. Nestas levarase adiante a explicación dos temas do programa, mediante exposición maxistral aberta á participación e ao debate.
- (2) Aulas interactivas. Nas distintas sesións farase unha actividade por parte do alumnado relacionada cos textos a traballar. Ademais, unha vez realizada a tarefa a idea é poder debatelos nas aulas.

A actividade farase, tamén, ao fío dos contidos impartidos previamente nas sesións teóricas. Porén, deixarase lugar á interpretación por parte do alumnado. Tras estas, abrirase un debate sobre os textos traballados e a materia, orientado en base a varias preguntas que formulará o profesorado.

TRABALLO AUTÓNOMO DO ALUMNADO.

- (1) Preparación das presentacións nas sesións prácticas.
- (2) Lectura de textos e traballo sobre estes.

REQUISITOS PARA AS AULAS.

Participación activa e asistencia.

A materia require necesariamente da participación activa do alumnado. Non se limitará a un grupo reducido de persoas, todo o mundo terá que participar.

6. AVALIACIÓN.

É posible superar a materia mediante avaliación continua ou indo ao exame final. Para a avaliación continua contarán:

- (1) Lecturas e presentacións en clases interactivas. O contido da materia dividírase nas diferentes sesións prácticas nas que o alumnado presentará e discutirá este. Neste sentido, as presentacións valoraranse como parte da nota.
- (2) Non ter máis de catro faltas xustificadas no transcurso do curso.

(3) Traballo final. Existe a opción de que este traballo sexa común ás materias de formación básicas:

- Cidadanía, Xustiza e Democracia.
- O concepto antropolóxico de cultura e da diversidade cultural.

En relación con este traballo, cada alumna/alumno elaborará un texto (entre 10-12 páxinas, a 1,5 espazo interlineal e letra 12 TNR) no que se relacionarán contidos do texto traballados durante o curso con unha das dúas materias. O traballo non debe ser un mero resumo do texto. En función da súa orientación, o traballo será avaliado por unha das dúas responsables das materias (aínda que a docente da outra materia sempre terá que estar informada por cada aluna/aluno do traballo que vai facer e de a quen llo entrega para avaliar). A nota do traballo terase en conta nas dúas materias. Cando menos valerá o 60% da cualificación para a materia, sempre que se cumpra co resto dos requisitos de cada materia.

O contido da materia dividirase nas diferentes sesións prácticas nas que o alumnado presentarán e discutirán este. Neste sentido, as presentacións valoraranse como parte da nota.

DIMENSIÓN DA AVALIACIÓN.

O traballo final valorarase de 0 a 10 puntos, aportará o 60% da cualificación. Xunto a esta, a participación activa comentando o traballo realizado sobre os textos na aula aportará o 10%. As presentacións temáticas, o traballo sobre os textos, resumos e comentarios o restante 30%.

O alumnado que conforme a este método de avaliación non supere a materia poderá concorrer ao exame final.

EXAME FINAL.

As persoas que concorran ao exame final terán que dar conta do conxunto da materia impartida no curso así como dos textos de lectura obrigatoria e de apoio empregados nas aulas expositivas e interactivas. O exame final consiste nunha proba escrita: un comentario de texto (4 puntos) e dúas cuestións (3 puntos cada unha).

ESTUDANTES CON DISPENSA DE ASISTENCIA DE CLASE.

Quen teña dispensa de asistencia a clase será avaliado mediante un exame final na data oficial, no que se dará conta dos textos de lectura obrigatoria (comentario de texto dun deles; ate 4 puntos) e das lecturas sobre os temas do programa que serán sinaladas nunha primeira titoría, ao comezo do curso, co/a alumno/a (dúas cuestións; ate 3 puntos cada unha delas).

TEMPO DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL.

O tempo de traballo estimado para esta materia en correspondencia cos 3 créditos que ten é de 75 horas, distribuídas do seguinte modo:

Horas presenciais semanais: 3 horas. En total 9 horas de docencia expositiva e 12 horas de docencia interactiva no primeiro bimestre do curso. Aproximadamente, 24 horas no conxunto do semestre. Incluindo 3 horas de titorías.

Horas non presenciais semanais, recomendadas para o traballo con textos: 1,5 horas. Aproximadamente, 21 horas no semestre.

Horas de estudo semanais (para alén das non presenciais): 2 horas semanais.

Aproximadamente, 30 horas no semestre.

RECOMENDACIÓNS PARA SUPERAR A MATERIA.

- (1) Participación nas presentacións.
- (2) Preparación dos temas/textos marcados.
- (3) Consulta de dúbidas na clase ou en titorías.

7. BIBLIOGRAFÍA.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA.

Aguila, R. de él, et alia, La democracia en sus textos. Madrid, Alianza, 1998.

Fraser, N., Escalas de la justicia. Barcelona, Herder, 2008.

Fraisse, G., Los dos gobiernos: la familia y la ciudad. Madrid, Cátedra/Feminismos, 2003.

Máiz, R. (Coord.), Teorías políticas contemporáneas. Valencia, Tirant lo blanch, 2009.

Young, I. M. La justicia y la política de la diferencia. Madrid, Cátedra, 2000.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA.

Benhabib, S., Los derechos de los otros. Barcelona, Gedisa, 2005.

---Las reivindicaciones de la cultura. Buenos Aires, Katz, 2006.

Balibar, Y., Ciudadanía. Buenos Aires, Adriana Hidalgo Editora, 2013.

De Francisco, A., Ciudadanía y democracia. Un enfoque republicano. Madrid, Los Libros de lana Catarata, 2007.

Fraser, N., Dilemas de la justicia en el siglo XXI: género y globalización. M^a A. Carbonero & J. Valdivieso (eds.). Universitat de les Aíles Balears, 2011.

---“Sobre la justicia”, en New Left Review, 74 (2012): 37-46.

Kymlicka, W., Lana política @vernáculo. Barcelona, Paidós, 2003.

Marshall, T. H./ Bottomore, T., Ciudadanía y clase social. Madrid, Alianza, 1998.

Nussbaum, M., Fronteras de la justicia: consideraciones sobre la exclusión. Barcelona, Paidós, 2007.

---Crear capacidades. Propuesta para el desarrollo humano. Barcelona, Paidós, 2011.

Peña, J., La ciudadanía hoy: problemas y propuestas. Valladolid, Universidad de Valladolid, 2000.

Pogge, Th., Hacer justicia a la humanidad. México, F.C.Y., 2009.

Quesada, F. (Ed.), Ciudad y Ciudadanía. Senderos contemporáneos de la filosofía política. Madrid, Trotta, 2008.

Rawls, J., Teoría de la justicia. Madrid, F.C.Y., 1979.

---Liberalismo Político. Barcelona, Crítica, 1996.

Rosas, João Cardoso, Conceções da Justiça. Lisboa, Edições 70, 2011.

Sen, A., La idea de justicia. Madrid, Taurus, 2010.

Shiva, Vandana, Manifiesto para una democracia de la tierra: justicia, sostenibilidad y paz. Barcelona, Paidós, 2006.

Standing, Guy, Precariado. Una carta de derechos. Madrid, Capitán Swing, 2014.

Young, I. M. La justicia y la política de la diferencia. Madrid, Cátedra, 2000.

---Responsabilidad por la justicia. Madrid, Morata, 2011.

Riutort, B. (ed.), Indagaciones sobre la ciudadanía. Barcelona, Icaria, 2007.

8. OBSERVACIONES.

O profesorado atoparase a disposición dos alumnos no seu despacho, no horario de tutorías, co obxecto de clarificar dun modo personalizado todas as cuestións referentes aos contidos da materia.

Recoméndase facer uso da linguaxe non sexista, tanto no traballo cotiá da aula como nos tarefas académicas encomendadas.

Faise notar que para os casos de realización fraudulenta dos exercicios ou probas será de aplicación o recollido na “Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.”

Obrigatoriedade de uso da conta de correo rai. Non se contestará ningunha comunicación realizada dende unha conta de correo electrónico allea á USC.

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e/ou discapacidade deberá poñerse en contacto co Servizo de Participación e Inclusión Universitaria (SEPIU) e enviar a solicitude de adaptacións a través do formulario dispoñíbel na web do devandito servizo ou na secretaría virtual do alumnado.

Obrigatoriedade do cumprimento da Normativa de protección de datos.